

COMO FACER UN COMENTARIO DE TEXTO (guía básica)

Un comentario de texto consiste na análise e interpretación dun texto pertencente a calquera xénero para comprender mellor o seu significado e intención. A continuación, preséntase unha guía para estruturar o comentario.

1. LECTURA COMPRENSIVA

Ler o texto con atención varias veces, **subliñar as ideas principais** e aclarar palabras descoñecidas.

2. CLASIFICACIÓN DO TEXTO

- **Tipo de texto:** narrativo, descritivo, expositivo, argumentativo, dramático, lírico...
- **Xénero:** literario (poesía, narrativa, teatro) ou non literario (xornalístico, publicitario, científico...).
- **Autor/a e contexto:** se é posible, identificar quen o escribiu e en que circunstancias (época histórica, acontecementos desa época...).

3. ESTRUCTURA EXTERNA

- **Linguaxe e estilo:** formal/informal, culto/popular, presenza de figuras literarias (metáforas, comparacións, hipérboles...).
- **Sintaxe e léxico:** frases curtas ou longas, sinxelas ou complexas? Versos? Léxico técnico ou coloquial?
- **Recursos expresivos:** ironía, repeticións, contrastes...

4. ESTRUCTURA INTERNA

- **Tema:** de que trata o texto? Formúlase en poucas palabras.
- **Resumo ou argumento:** síntese breve do contido sen engadir opinións. **O ideal é ilo explicando a través de exemplos do propio texto** para demostrar que efectivamente o entendemos.
- **Estructura:** división en partes segundo as ideas principais (introdución, desenvolvemento, conclusión).
- **Tese ou intención:** que quere transmitir o/a autor/a?

5. VALORACIÓN PERSOAL (non sempre solicitada)

- Opinión razoada sobre o texto.
- Actualidade ou relevancia do seu contido.
- **Relación con outros textos ou experiencias propias.**